

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.


AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no [directorio de Vieiros](#) as páxinas sobre literatura, editoriais e librarías

Bo comezo poético

 [27/11/2004 12:51] por [Héitor Mera](#)
Sangue sobre silencio
Brais González Pérez

Edición do autor, Salceda de Caselas, 2004. 94 páxs., 9 €



Comezarei esta recensión entoando un mea culpa propio dos encadramentos típicos aos que nos levan certas situacións. Recoñezo que cando souben que un rapaz de 16 anos —como é o caso do autor que nos ocupa hoxe, non se perda de vista tal cousa— publicaba un poemario adicado aos mártires de Sobredo, soltei a lingua a pacer en conversa co meu amigo Xaime Henríquez dicíndolle algo tal que: "con esta idade, posicionamento político e apaixoamento hormonal que o preceden, seguro que *Sangue sobre silencio* é un panfleto iniciático". Coido que se me pode desculpar en certa medida porque calquera na miña situación, sen maior coñecemento do autor pensaría o mesmo, aínda que non cometería o erro de dicilo por moito que fose conversa de cafetería.

Agora ben, é gran ledicia para a literatura galega que o Brais González calou a miña indiscreta bocaza ao ler estes versos que, aínda que si iniciáticos, amosan unha calidade impropia, e isto si que hai que telo por verdade absoluta, impropia, repito dun rapaz desta idade. É claro que calquera esperaría temas como o que ocupa a Brais, de índole cívico-social e de denuncia ou incluso algún que outro tema amoroso, que está na idade, cun tratamento imberbe como deberan marcar os canons da idade, mais qué lonxe están estes pexuizos da realidade poética do autor.

Sangue sobre silencio é un poemario cunha mensaxe moi clara dende o seu propio título. Está moi claro que o poeta pretende homenaxear, reflexionar e cantarlle aos mártires da guerra civil, ter un encontro coa historia que non viviu e, como non, extrapolalo tamén á realidade que estamos vivindo que non é para botar foguetes. Pero para lanzar esta mensaxe Brais foxe, conscientemente ou non, do rexistro panfletario ao que nos referiamos antes. De feito, a súa poesía por momentos tórnase mesmo críptica, e a armazón das súas metáforas e imaxes é certamente desenvolvida de xeito complexo e interesante. Logo, e para sintetizar esta reflexión, temos un tema moi concreto, pero non exposto dun xeito explícito, talmente pediría en moitos casos. Pola contra o poeta prefere a evocación dos sentimentos, sensacións e mensaxes patrióticas desbotando o cartel mitineiro.

Aínda facendo uso do versolibrismo, tan habitual nos tempos que corren, Brais non se escuda neste recurso para escribir desvencellado de calquera limitación formal dende o punto de vista rítmico. Os seus versos están cheos de musicalidade facendo demostración de como debe ser entendido o verso libre fronte algún outro poeta que cre que tal recurso significa afondar nunha liberdade total na forma. Se sistematizásemos o ritmo e recursos máis característicos da poesía de Brais atopariámonos con que esa cadencia, entendemos que xurdida de xeito natural, non é dioivo descontrolado, senón parte dun construto realizado conscientemente polo propio poeta a partir do seu sentido do ritmo e da súa sensibilidade poética.

É, sen dúbida, un bo comezo como posta de longo pública de Brais González na nosa literatura. Agora temos moitísimas expectativas do que aínda pode dar o rapaz. De seguro que ha ser moito.

[mércao en Andel](#)

OUTRAS NOTICIAS

- [Na memoria está a dignidade](#)
- [Penélope reinterpretada](#)
- [A novas Auria/Oria](#)
- [Novela prescindible](#)
- [Viaxe polos vieiros da imaxinación](#)
- [Crime sen castigo](#)
- [Na procura das orixes](#)
- [Un atasco entretido](#)

